

UN MOUCHO PARA ISAÍAS

MANUEL FORCADELA

Universidade de Vigo

Ceguei a Nova York a principios de setembro do ano 2003. Fora convidado a dar un curso sobre literatura galega contemporánea por Xoán González Millán que morrera en trágico accidente unhas semanas antes de eu chegar. A invitación a falar no Graduate Center da CUNY (City University of New York), no 365 da Quinta Avenida, ficara, pois, carente de anfitrión e, aínda que resultou todo moi grato polas atencións recibidas e porque a aprendizaxe e a experiencia desas semanas en Manhattan foi certamente imborrable (sempre na compañía do profesor Alex Nogueira, o noso home en Manhattan, como eu cheguei a denominalo amigablemente), a miña presenza alí ía ter ese punto de orfandade que a morte de Xoán González Millán impuña pola súa eminencia intelectual e a súa galegitude.

Lembro con nitidez o meu primeiro día no Departamento de Hispanic Luso-Brazilian Literature Language. Lia Schwartz, na altura directora do Departamento, recibíume cálida e afectuosa e pasamos ao seu gabinete para falarmos do plano da miña actividade docente.

O obxecto era ofrecer un percorrido ameno e dinámico pola literatura galega do XIX e do XX desde unha perspectiva o máis anovadora posible, tentando abrir novas vías para a análise e interpretación do fenómeno da nosa tradición contemporánea. Tiña un pequeno grupo de alumnos formado por un peruano, un coreano, unha venezolana, un andaluz e dúas mañas, ao que, de cando en vez, se lle engadía algunha outra persoa. Eran xente adulta, mesmo profesionais que exercían no mundo laboral neoiorkino, desde camareiras de restaurante a funcionarios da Onu, que me escoitaron disertar

ao longo de cinco semanas sobre unha pequena antoloxía de textos galaicos que lles preparara ad hoc.

Mais antes, un home de aspecto marcadamente arxentino (nin eu mesmo sei o que tal expresión poida significar) ou, cando menos, cun aspecto que eu non tería ningunha dúbida en vincular con esa nacionalidade, logo dunha primeira ollada, e que vestía unha camisa branca remangada polos cúbados e pantalóns escuros, co cabelo peiteado cara atrás, amostrando as fondas entradas sobre a fronte, dirixiuse a min con desbordada afabilidade.

—Así que vós debés ser Forcadela— díxome, cun leve sotaque arxentino matizado xa polas longas décadas de residencia na cidade dos rañaceos.

Recoñecino inmediatamente e adoptei o ton de respecto e educación que a súa figura me merecía. Trateino, obviamente, de “usted”. Mais el explicou-me que debía atualo, e que o tratase como a un igual porque non quería en ningún caso sentirse diferente por mor da idade.

Así comezou unha relación entrañable que se prolongaría durante as semanas seguintes cunha cadencia diaria.

Isaías ensinou-me persoalmente os interiores do Graduate Center, o extraordinario restaurante situado na planta superior cun lucernario que transparenta a monumentalidade espectral do Empire State Building. Presentou-me a canta persoa encontramos no noso camiño, día tras día, sempre enfatizando a miña persoa e evidenciando a dignidade do meu traballo alí. Tentou, en definitiva, de integrarme o máis axiña posible e conseguir que me sentise cómodo no lugar no que había desenvolver as miñas tarefas docentes. E díxome unha frase que ficou ecoando na miña mente desde entón e que eu aínda repito de cando en cando:

— Aprendete (non apréndete) la semiótica del asunto.

Isaías converteuse, pois, no anfitrión que Xoán González Millán xa non puido ser. E, por suposto, que este era un galano totalmente inmere-

cido para quen naquel momento non era máis que un humilde profesor provinciano recién chegado a unha das máis importantes capitais culturais do mundo.

Mais tamén é certo que esta miña manifesta inferioridade non deixaba de facer medrar en min un interese curioso sobre quen, sen dúbida, estaba a anos luz en formación e en experiencia.

As nosas conversas centráronse, a partir de entón e ao longo das numerosas veces que nos encontramos ou almorzamos xuntos, en J. L. Borges, que fora seu mestre, alá nos anos remotos da Universidade de Buenos Aires, onde tanto el como a súa non menos eminente esposa, Lia Schwartz, se formaran antes de abandonar a Arxentina nos tempos de Juan Domingo Perón. Borges fora o seu profesor nun programa sobre literatura medieval anglosaxona e, tal e como aparecía na evocación de Isaías, non deixara de falar de Shakespeare. Como eu lle preguntara se ninguén se queixara sobre semellante variación nos contidos do programa, contestoume que non, que todo leva a todo e que falar sobre algo é xa falar sobre todo. A súa memoria de Borges era, tamén, ou esa é a impresión que me produciu, dunha relativa veneración. Admiraba o escritor e o home mais non quería formar parte de ningunha cerimonia de mitomanía nin deixar que a literatura transformase o que para el non era máis que pura memoria persoal, con independencia dunha obra literaria, claro está, extraordinaria.

Tamén falamos moito de W. Benjamin, que, non sei por que, sempre chegaba á nosa conversa. O xudeu errante e o seu mito. O intelectual aínda novo que sucumbe perante a barbarie mais deixa unha obra que excede por completo a súa época. Isaías era moi dado a preguntar e a escoitar. En ningún caso quería facer alarde da súa formación e do seu coñecemento nin impor un criterio ou unha opinión, fose sobre o tema que fose. Lembro ter falado sobre o concepto de aura, das teses sobre filosofía da historia, a imaxe dialéctica, a redención, a enerxía mesiánica como motor da revolución,

como grandes núcleos temáticos arredor dos que se xera todo o pensamento de W. Benjamin. Isaías lera e coñecía esas ideas, aínda que non formasen parte do centro do seu traballo intelectual ou filolóxico. Mais creo que o seu interese era, tamén, relativo. E subliño esta distancia porque, como no caso de Borges, era a través dese distanciamento, que eu creo que precisaba para non ficar prendado polo afecto diante de cada un dos temas suscitados, que procuraba un afastamento sempre á busca dunha necesaria obxectividade.

Falamos tamén moito sobre a Guerra de Irak, que entón estaba en plena ebulición, con Aznar e Bush e as súas políticas, en primeiro plano. Estaba aínda moi presente na cidade a ferida producida polo atentado do 11 de setembro. Non só a ferida física que era visible no Ground Zero e arredores senón, tamén, e sobre todo, a ferida psicolóxica, que tamén era perceptible na cidade, con exemplos que calquera podía coñecer a pouco que preguntase no seu entorno próximo. Isaías era un home progresista ao seu modo e moi crítico coa barbarie que acometera semellante ferida no mesmo seo da cidade que o acollera, cando el, xudeu errante como Benjamin, precisara un acubillo para fuxir dos pésimos ventos que erguera no seu país natal a política de Perón.

Tamén falamos, como non, da literatura española do Século de Ouro, especialmente San Juan de la Cruz e Garcilaso, polos que eu sempre sentín unha especial veneración. E tamén sobre asuntos vinculados coa literatura galega que a Isaías lle interesaban, como en xeral lle interesaba calquera cousa que puidese ocupar a mente do seu interlocutor.

Era un home sabio e tranquilo, cos ollos enchidos pola rotundidade dunha vida culminada e o ton relativizante de quen, sendo quen era, unha figura de primeira liña no sistema universitario americano e na hispanística mundial, non deixaba de ponderar todo cunha fonda relatividade, que podía conmover.

Lembro o seu despacho cheo de mouchos, un tesouro de figuras da ave do coñecemento e a cultura (a ave de Palas Atenea, representada sempre cunha curuxa ou cun moucho como fiel compañeiro), construído polos alumnos e alumnas dos cinco continentes que, ao longo das décadas de docencia, foran pasando por alí. Aquela identificación entre Isaías e o moucho era aceptada por el de bo grao. Mesmo creo lembrar que lle prometín que algún día eu mesmo lle enviaría unha figura de moucho, logo de falarmos do moucho e da curuxa e da súa recorrencia imagolóxica na tradición literaria. El sabía, unha por unha, a procedencia de todas e cada unha das pezas e non sempre a calidade dos obxectos recibidos como presente estaba en relación directa coa calidez dos afectos evocados. E notábase un certo orgullo da vida vivida e nada ou moi pouco de melancolía.

Aquí tes, prezado Isaías, o moucho (ou a curuxa, escolle ti, non hai problema) que nunca che enviei. Non é máis que un pequeno galano en agradecemento da túa afabilidade e en recoñecemento do teu estar no mundo.